

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DA PRAZA DE ABASTOS Nº 1 DE OURENSE PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN FUNCIONAL DO EDIFICIO DA PRAZA DE ABASTOS

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, nomeado para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Emilio Pedro González Iglesias, co NIF 34 925 239 S, actuando no nome e representación da Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense, na súa condición de presidente, en virtude do acordado na asemblea xeral do 17 de novembro de 2021 e con competencias para asinar este convenio de acordo co establecido no artigo 27 dos seus estatutos.

As partes, na representación que ostentan, teñen capacidade legal para asinar este convenio e, na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargado de exercer as competencias que en materia de comercio interior o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

O impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia é fundamental para destacar o potencial dos nosos mercados e prazas de abastos como eixos e motores do comercio de proximidade, adaptándoos ás novas tendencias do mercado. A súa finalidade fundamental é aproveitar a situación estratéxica dos mercados e prazas de abastos e potenciar estes espazos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, vencellándoos ao entorno no que se integran, ao produto local e a valores como a sostibilidade, a protección do medio ambiente, a calidade, o trato personalizado e o compromiso coa sociedade.

En consonancia co exposto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 (DOG núm. 13, do 19.01.2017) regúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan os mercados e prazas de abastos galegos.

Con tal finalidade, a consellería apoia e incentiva os proxectos que xeren e fomenten a eficiencia e a modernidade do comercio galego e, neste caso, por medio da iniciativa promovida pola Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense para a realización dun plan funcional do edificio da praza de abastos Nº 1 de Ourense.

Segundo.- A Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense en adiante, a asociación, ten a firme vontade de fomentar a reactivación económica e social da economía local promovendo a competitividade, a dinamización e a modernización do pequeno comercio de proximidade, principalmente a través da praza de abastos Nº 1.

A asociación é socia única da Sociedade Comerciantes Asociados do Mercado de Abastos Nº 1 de Ourense, SL, Unipersoal, que ten adxudicada a concesión administrativa para xestionar indirectamente o servizo público Praza de Abastos Nº 1 de Ourense en virtude do contrato de concesión asinado co Concello de Ourense o 14 de marzo de 2000.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular á Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense.

Terceiro.- Con carácter previo á sinatura deste convenio, a asociación acreditou a concorrencia ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade de conformidade co establecido no artigo 11.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, constan certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 11.e) e 31.7 da devandita lei.

Dado o interese coincidente da consellería e a asociación, as partes acordan a formalización deste convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- *Obxecto*

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a consellería e a asociación para a realización dun plan funcional do edificio da praza de abastos Nº 1 de Ourense.

A realización do dito plan comprenderá as seguintes fases:

Fase 1: Realización dunha análise do estado actual do edificio e a súa contorna tras as obras de reforma e rehabilitación.

Fase 2: Estudo dos contratos da concesionaria con cada persoa comerciante co fin de realizar a análise das necesidades actuais e futuras.

Fase 3: Realización do plan funcional das necesidades, propostas e estudo.

Fase 4: Entrega do plan funcional coa disposición final da ordenación dos postos interiores e memoria xustificativa da mesma.

Segunda.- Orzamento e financiamento

A consellería comprométese a financiar o 100 % do investimento e achegará a cantidade de dezasete mil cincocentos corenta e cinco euros (17.545,00 €), IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 44.06.751A.781.1, proxecto de investimento 2015/00254, modalidade de financiamento 1010, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, existindo crédito adecuado e suficiente para financiar este convenio.

Terceira.- Gastos subvencionables

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das actuacións de realización dun plan funcional do edificio da praza de abastos Nº 1 de Ourense.

De acordo co previsto no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e a data límite de xustificación establecida na cláusula sexta. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior, en ningún caso, ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Cuarta.- Obrigas da consellería

A consellería comprométese a librar a achega que corresponda unha vez que a asociación presente a correspondente xustificación e sexa aprobada polos órganos competentes da consellería.

Quinta.- Obrigas da asociación

A asociación, para poder obter a condición de beneficiaria neste convenio, deberá cumprir as seguintes obrigas:

- a) Presentar declaración responsable de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Xestionar e executar os investimentos sinalados na cláusula primeira que fundamentan a concesión da subvención.
- c) Xustificar ante a consellería, no tempo e forma que correspondan, o cumprimento dos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención, así como a realización das actividades e o cumprimento da finalidade das mesmas.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación da consellería, así como a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En particular, facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.
- e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- f) Adoptar as medidas e disposicións necesarias para garantir unha adecuada publicidade do financiamento das actuacións subvencionadas pola Xunta de Galicia.
- g) Reintegrar, total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- h) Comunicar por escrito á consellería a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto se coñeza a dita obtención e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos en virtude do presente convenio.
- i) Comunicar á consellería o xurdimento ou a modificación de calquera circunstancia que afecte a algún dos requisitos esixidos para a concesión da subvención.

Sexta.- Xustificación e pagamento

1. A data límite para xustificar o investimento será o día 13 de decembro de 2024.

O libramento da achega pola consellería levarase a cabo unha vez que a asociación achegue á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa do cumprimento da actuación establecida na cláusula primeira.
- b) Relación certificada de gastos, acompañada da relación nominativa das facturas ou medios de xustificación equivalentes agrupadas por cada unha das actuacións desenvolvidas.

As facturas e os documentos xustificativos dos gastos deberán achegarse acompañados dos xustificantes de pagamento de acordo co que dispón o artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

c) Certificación da concorrencia ou non doutras axudas públicas para a mesma finalidade.

d) Certificacións de estar ao corrente a entidade nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

2. Condicións de pagamento:

As facturas e/ou demais documentos xustificativos, incluídos os xustificantes de pago, non poden ter data posterior á establecida para a xustificación das actuacións.

A documentación sinalada nas condicións específicas presentarase na consellería, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que emitirá certificación acreditativa do cumprimento das actuacións subvencionadas.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto deste convenio.

A achega da consellería minorarase porcentualmente no caso de que a asociación non xustifique o orzamento total que figura na cláusula segunda, sempre que estea garantida a consecución do obxecto do convenio ou, de resultar a concorrencia con outras axudas, sempre que a contía total supere o custo do investimento.

3. Pago anticipado:

Poderá aprobarse o pago anticipado de ata un límite do 50 % do importe concedido, logo da solicitude e xustificación da súa necesidade pola asociación. A concesión do anticipo quedará condicionada ao cumprimento por parte da entidade beneficiaria dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A asociación quedará exenta da prestación de garantías en relación cos pagos anticipados previstos neste convenio conforme ao disposto no artigo 65.4.i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Responsabilidade na contratación das actuacións

Permitirase a subcontratación do 100 % das actividades subvencionadas, agás que o impida a natureza das mesmas. A subcontratación regularase polo disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, sen prexuízo de aplicar a disciplina de contratación pública se a beneficiaria cumpre coas condicións do artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para ser poder adxudicador.

As persoas contratistas quedarán obrigadas soamente ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración autonómica.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da obra, non aporten valor engadido ao seu contido.

Oitava.- *Publicidade e inscrición no rexistro*

O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten na publicación dos datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo no Portal de Transparencia e Bo Goberno da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Novena.- *Vixencia*

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024, sen que se prevea a posibilidade de prórroga do mesmo.

Non obstante, consideraranse actuacións subvencionables as realizadas dende o 1 de xaneiro de 2024 ata a data de xustificación establecida na cláusula sexta.

Décima.- *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, constituirase unha comisión paritaria de seguimento que adoptará os seus acordos por consenso e estará integrada por dúas persoas representantes da consellería e dúas en representación da asociación.

A comisión constituirase a petición de calquera das partes e as súas funcións serán velar polo cumprimento do convenio e propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta comisión serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A propia comisión, unha vez constituída, decidirá o réxime das súas reunións.

Décimo primeira.- *Modificación*

Toda alteración das condicións a ter en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación do convenio nos termos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de

xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, este convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira segundo o artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Décimo segunda.- Resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo expreso e escrito das partes.
- O incumprimento total ou parcial por algunha das partes de calquera das prescricións contidas no convenio.
- A denuncia escrita formulada por calquera das partes.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas no convenio.

Décimo terceira.- Incumprimento total e parcial do convenio

Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falla de xustificación do cumprimento do convenio, das obrigas contidas no seu clausulado, das obrigas establecidas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o parágrafo anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida no convenio e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro. Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do investimento subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 65% do investimento subvencionable, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

A asociación beneficiaria da subvención regulada neste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Título VI do seu regulamento.

Décimo cuarta.- *Relacións con terceiros*

A subscrición deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os/as profesionais que vaian desenvolver as actividades referidas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que esta quedará exenta de calquera responsabilidade, directa, indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das mesmas.

Décimo quinta.- *Publicidade*

A asociación deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución deste convenio empregando os soportes mais adecuados á natureza dos investimentos, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sexta.- *Natureza e interpretación*

Este convenio ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 4.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación, se ben se aplicarán os principios e criterios do dito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e, ademais, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o e o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Así mesmo, seranlle de aplicación as demais normas de dereito administrativo aplicable ou, no seu defecto, as derivadas do dereito privado.

En consecuencia, correspóndenlle á consellería as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, reintegro e nulidade deste convenio, así como resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento. Os acordos correspondentes porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sendo impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo sétima.- *Protección de datos*

Na execución deste convenio respectarase a normativa vixente en materia de protección de datos. As partes comprométese a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes comprométese a adoptar as medidas de carácter técnico e organizativo precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda de tratamento e acceso non autorizado, tendo en conta o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos aos que están expostos, proveñan da acción humana o do medio físico ou natural.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, como proba de conformidade, subscríbese no lugar e data indicados na cabeceira.

Pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

José González Vázquez

Pola Asociación de Comerciantes e Industriais da Praza de Abastos Nº 1 de Ourense

Emilio Pedro González Iglesias

